


U. D. 4: IMPERIALISMO E PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

IMPERIALISMO

1. Introducción




O período que vai desde o derradeiro terzo do século XIX ata 1914 caracterízase por unha crecente conflictividade que acompaña á formación das grandes potencias económicas e políticas nun contexto de constante desenvolvemento industrial.



A rivalidade económica e política entre as potencias rematará por desencadear o primeiro conflito bélico a escala mundial do século XX: a I Guerra Mundial ou Gran Guerra.

2. O imperialismo: 1870- 1914






2.1. Causas e desenvolvemento do imperialismo

- **Económicas:** a grande expansión do capitalismo no contexto da segunda Revolución. Industrial caracterízase pola **búsqueda de materias primas abundosas, man de obra barata e novos mercados** nos que vender os produtos industriais e realizar investimentos de capital.

- **Demográficas:** o incremento de poboación europea debido ao mantemento de altas taxas de natalidade e ao descenso da mortalidade, derivado das melloras hixiénicas e médicas, impulsou a posta en práctica de **políticas favorecedoras da emigración** por parte das potencias europeas para dar saída ao excedente de poboación para a que xa non había traballo e comida nalgúns partes de Europa.

- **Científico-culturais:** a **exploración xeográfica**, asociada ao descubrimento de novas fontes de riquezas, experimentou un grande pulo.

- **Ideolóxicas:** o **eurocentrismo**, que defendía a superioridade da relixión, a lingua e a cultura dos europeos de raza branca, empregouse para lexitimar o carácter "civilizador" do imperialismo en África e en Asia.






“En primer lugar, creo en el imperio británico y, en segundo lugar, creo en la raza británica. Yo creo que la raza británica es la más grande de las razas imperiales que el mundo haya conocido...; yo digo esto como una evidencia de los éxitos que nosotros hemos conseguido administrando sus vastas posesiones.”

Discurso de [Joseph Chamberlain](#), 11 de noviembre de 1895

Joseph Chamberlain
(Londres, 1836 - Birmingham, id., 1914) Político británico. Hijo de un acaudalado industrial, a los dieciséis años abandonó los estudios para trabajar en el negocio familiar. Dos años después se trasladó a Birmingham para trabajar en la empresa dirigida por un primo suyo. Su habilidad para los negocios le reportó una inmensa fortuna, por lo que en 1874, a los treinta y ocho años de edad, pudo abandonarlos y dedicarse a la política.

FIRST SCOTTISH COLONY for New Zealand

That Fine
FAST
SAILING



TEAK-BUILD
SHIP

BENGAL MERCHANT,

501 Tons Register---JOHN HEMERY, COMMANDER,

WILL POSITIVELY

SAIL FROM PORT-GLASGOW

For NEW ZEALAND,

With the first Body of Settlers

FROM SCOTLAND,

On **FRIDAY, Oct. 25.**

SINGLE WOMEN, going out as Servants to Cabin Passengers, or in charge of Married Emigrants, will receive a *Free Passage* on board of this Ship.

All Goods and Luggage must be forwarded by the 20th instant *at latest*, on which day the Ship will clear out.

For *Freight* (having room for dead Weight and Measurement Goods) and *Passage*, apply to

JOHN CRAWFORD,
24, QUEEN STREET.



NEW ZEALAND LAND CO.'S OFFICE,
GLASGOW, 5th Oct. 1839.

J. Clark, Printer, Argus Office.






CONFERENCIA DE BERLÍN 1885



PROBLEMAS ...

Proceso de cambio...



1.- CRISIS DE FASHODA

2.- ITALIA Y FRANCIA POR TÚNEZ

3.- CONFLICTO POR EL CANAL DE SUEZ

4.- GUERRAS ANGLO-BOERS

5.- DOS CRISIS POR MARRUECOS Y EL ESTRECHO



ETAPAS DE OCUPACIÓN:

1. **Ocupación:** gracias a adiantos militares.
2. **Control político e administrativo:** por una minoría europea.
3. **Organización da economía:** explotación de recursos naturais e humanos. As colonias mercaban as manufacturas da metrópole.

TIPOS DE COLONIAS

DE EXPLOTACIÓN

Interese económico.

Administradas por minoría europea
orixinaria da metrópole.

Ex. India (Ing)



Caricatura titulada "The Sleeping Sickness. Cutting a continent out from under him.", ilustración publicada en Puck, v. 70, no. 1808 (el 25 de octubre de 1911),

DE POBOACIÓN

Valor socioeconómico.

A mayoría da poboación eran
emigrantes das metrópoles.

Son consideradas "provincias de
ultramar", con certa autonomía no seu
gobernó.

Ex. Canadá (Fra), Australia, Nova
Zelanda (Ingl)

PROTECTORADOS

Interese estratéxico.

A poboación indíxena mantíña o seu
propio goberno e administración pero
baixo supervisión da metrópole.

A metrópole asumía o control da
política exterior e a defensa da zona.
Ex. Marrocos (Francia, España)
Exipto (Ing.)

<https://www.youtube.com/watch?v=MjhPC4Hkj9E>

CONSECUENCIAS

DOC 1.- Hai un segundo punto que debo igualmente abordar: é o lado humanitario e civilizador da cuestión. É preciso dicir abertamente que, en efecto, as razas superiores teñen un dereito con respecto ás razas inferiores porque existe un deber cara a elas. As razas superiores teñen o deber de civilizar ás razas inferiores.

Discurso de JULES FERRY (1885)

DOC 2.- Deixarán vostedes que outros distintos de nós se establezan en Tunisia, que outros que non sexamos nós se sitúen na desembocadura do río Vermello [Vietnam], que outros que non sexamos nós disputen as rexións da África ecuatorial? (...) Nesta Europa, nesta competencia de tantos rivais que medran arredor nosa, a política do recollemento ou da abstención non é outra que o camiño cara á decadencia.

Discurso de JULES FERRY (1885)

DOC 3.- A conquista da terra, que a meirande parte das veces significa roubar o territorio de seres de diferente cor ou de nariz máis aplanado có noso, non é unha cousa nada agradable cando se mira de preto.

JOSEPH CONRAD (1857-1924)

DOC 4.- O noso obxectivo ao conquistar a India, o obxecto de todas as nosas crueldades, non foi outro cós cartos... Dise que da India se obtiveron uns mil millóns de libras esterlinas nos últimos noventa 4 anos (1756-1846). Cada un destes xilins sacouse dun charco de sangue, limpouse a conciencia e foi parar ao peto dos asasinados. Porén, por moito que se limpe, esa "maldita mancha" non sairá xamais.

Sir C. NAPIER (1847)

DOC 5.- Cando soubemos que un home de pel branca viña polo Luaba, quedamos moi sorprendidos (...). “Daremos unha gran festa”, ordenei, “recibiremos solemnemente aos nosos irmáns e acompañarémolos ao poboado (...)”. Puxémonos en marcha, a miña piragua diante para darlle a benvinda. Pero ao achegarnos á súa embarcación- oíuse “paff!, paff!” e os paus de ferro cuspiron lume contra nós (...). Non chegaba un irmán, senón o peor dos inimigos que contemplou o noso país.

Relato do cacique MOJIMBA a un misioneiro (P. HERMANN:
Audacia e heroísmo dos descubrimentos modernos)

DOC 6.- Nós comprobamos, bárbaros ingleses, que desenvolvestes unha natureza e costumes de lobo, saqueando e roubando bens pola forza (...). Viñestes ao noso país con espírito de lucro. Que sabedes de nós? A vosa ansia de ganancia semella a voracidade dos animais. Ignorades as nosas leis e as nosas institucións; nada sabedes de principios xustos (...). Máis aló da fortaleza dos vosos barcos, da violencia dos vosos fusís e da potencia dos vosos canóns, que outras cualidades tedes?

Panflete dunha sociedade secreta chinesa (Cantón, 1856)

I GUERRA MUNDIAL

SITUACIÓN DE EUROPA NO S. XIX: PRINCIPALES LÍDERES



ALEMAÑA e a PAZ ARMADA:

Tras a súa unificación en 1871 adquire gran protagonismo grazas ao desenvolvemento industrial.

Chega tarde ao reparto colonial pero o canceller Bismarck non cesa na búsqueda dun imperio á par da súa emerxente economía.

Alemania leva tempo enemistada con Francia (dende a guerra de 1870) e tenta aillala politicamente.

INGLATERRA:

- Gran potencia industrial e marítima.
- Inicia a expansión séculos atrás (Xibraltar, Ceilán, Malta, Illas Malvinas...)
- Durante o s. XIX a súa hexemonía marítima permitiulle ampliar posesións en América, Asia, África e Oceanía.
- As súas colonias máis destacadas foron India e Australia.
- En 1877 a coroación da raíña Victoria como emperatriz da India acelerou a súa ocupación colonial, sobre todo en África.

FRANCIA:

- Domina amplias zonas en África (Madagascar e parte noroccidental)
- Dueste de Asia (Indochina)
- América (Guaiana francesa e algunas illas no mar Caribe).
- Ten amizade con Rusia por intereses económicos. Moitos franceses invertiron alí en industria.

3. A Primeira Guerra Mundial: causas e evolución

Entre 1914 e 1918 tivo lugar un conflito bélico completamente diferente aos anteriores. A nivel político, participaron países europeos, colonias e potencias como EUA e Xapón, de xeito que non quedou ningún continente habitado que non entrase directa ou indirectamente na contenda



When a serbian guy kills some random Austrian in Bosnia so you as a New Zealander have to fight the Ottomans in Gallipoli because the UK has declared war on Germany in response to their invasion of France and Russia

Por que comeza a IGM?

Un mozo serbio asasina a un austríaco en Bosnia...así que ti, coma neocelandés, tes que loitar contra os otománs (turcos) en Gallipoli, porque Gran Bretaña declaroulle a guerra a Alemania en resposta á súa invasión de Francia e Rusia.

Quedou claro?



3.1. Múltiples causas

Causas económicas: no contexto da segunda revolución industrial, a hexemonía económica británica enfrontouse ao grande crecemento de Alemaña.


Causas derivadas do imperialismo:
A expansión imperialista busca espazos no continente asiático e, sobre todo africano. O obxectivo: beneficio económico e prestixio internacional.

Tensións territoriais en Europa: xunto coas disputas nas áreas coloniais, intensifícanse as tensións relacionadas cos territorios europeos que eran reclamados por varios países, como por exemplo Alsacia e Lorena, reivindicados por **Francia e Alemaña**; ou o caso da **área balcánica**, que se converteu na zona máis inestable de Europa ao coincidir tanto a desintegración progresiva do Imperio Otomán como os intereses enfrontados de potencias como Austria, Alemaña, Rusia ou Italia




Intensificación de posturas nacionalistas e patrióticas: as potencias europeas incrementaron os discursos de exaltación nacional e confrontación cos rivais.

Sistema de alianzas (paz armada): as tensións e rivalidades entre as potencias europeas derivou no establecemento de dous bloques que rematarían por ser os contendentes na guerra. Por unha banda estaban as potencias centrais ou Triple Alianza (Alemaña, Imperio Austrohúngaro e Italia, se ben esta última rematará por cambiar de bando e será substituída na alianza polo Imperio Otomán) e a Triple Entente (Gran Bretaña, Francia e Rusia).



DETONANTE...



O herdeiro do Imperio Austrohúngaro, **Francisco Fernando**, é **asasinado nas rúas de Saraxevo** por un estudante serbio contrario á influencia austríaca nos Balcáns.

E chegou a guerra... 28 de xullo de 1914 / 11 de novembro de 1918



Allied (Entente) Powers



British Empire



Newfoundland



India



Australia



New Zealand



South Africa



United Kingdom



Canada



French Republic



Kingdom of Belgium



Russian Empire (1914–17)



Kingdom of Italy (1915–18)



United States (1917–18)



Kingdom of Serbia



Kingdom of Romania (1916–18)



Empire of Japan



Kingdom of Greece (1917–18)



Portugal (1916–18)

GREAT WAR 1914-1918

Central Powers



German Empire



Grand Duchy of Baden



Kingdom of Bavaria



Kingdom of Prussia



Kingdom of Saxony



Kingdom of Württemberg



Austro-Hungarian Monarchy



Ottoman Empire




Kingdom of Bulgaria (1915–18)



Emirate of Jabal Shammar

Evolución da gran guerra...



GUERRA DE MOVEMENTOS (1914)

Obxectivo principal: Alemaña pretendía derrotar a Francia e logo a Rusia.

Os alemáns emprenderon estratexias de movementos rápidos, esperando así sorprenden ao inimigo.



Plan Schlieffen

Presumindo de que ían a obter una victoria rápida, os alemáns mandaron parte do exército ao fronte oriental (Vs Rusia).

Rusia loitou con solidez contra os alemáns. Os alemáns venceron en Tannenberg pero non lograron avanzar moito.

Os franceses reuniron as tropas e atacaron aos alemáns en **Marne**, obrigándoo a retirada.

GUERRA DE POSICIÓN (1915-17)

Obxectivo: aguantar! Desgastar ao inimigo.

Nova estratexia: estabilización das fronteiras mediante **trincheiras**,
armas químicas, **bombas**...



Ofensiva franco-británica en
Somme.

Ofensiva de Alemania
contra Francia en
Verdún.

« Ils ne passeront pas! »
Xeneral Nivelle.

Resultado: debilitamento e retroceso de Alemania.



O escenario da guerra era en moitas ocasión coma un pantano. Caváronse longas trincheiras durante anos, nas que permanecían os soldados en durísimas condicións. A suciedade acumulábase, a hixiene non existía...apareceron as ratas, piollos e pulgas. E tamén as enfermidades, que causaron tantas baixas coma os ataques inimigos: disentería, tifus, cólera... E non falemos das condición meteorolóxicas. Moitos soldados morreron de frío. E incluso de fame...



Guerra total: por primeira vez tódalas actividades, economía e poboación estaban a disposición plena da guerra.



As mulleres traballan en calquera actividade necesaria.



Tanques



Aviación con cámaras de recoñecemento.



Metralletas



Armas químicas




Centros radiolóxicos de campaña

CRISE E INTERVENCIÓN DE EEUU (1917)

Potencias europeas xa moi desgastadas a nivel económico, militar e moral.



EEUU entra na guerra.



Rusia: en plena crise estoupa a revolución polo que pide un armisticio e logo **retírase da guerra** firmando a paz con Alemaña.

En 1915 Alemania hundirá ao barco de pasaxeiros Lusitania. Isto acrecentou o malestar estadounidense cos alemáns pero o presidente Woodrow non accedeu a entrar na guerra porque quería preservar a economía e poboación do país.



EEUU chega a
un compromiso
con Alemaña.
Non se
atacarán.



FIN DA GUERRA (1918)

Derrotadas Austria-Hungría e o Imperio Otomán, Alemaña resistiu e mesmo comezou unha derradeira ofensiva na **segunda batalla do Marne**, fracasando ante as tropas francesas, británicas e estadounidenses. Ante esta situación, tanto no exército como na sociedade xermana comezaron revoltas obreiras e protestas contra a continuación da guerra. O temor a unha revolución como a bolxevique rusa precipitou a decisión de poñer fin á guerra: o káiser Guillermo II abdicou, proclamouse a **República de Weimar** e o 11 de novembro de 1918 Alemaña asinou o armisticio. Remataba deste xeito a Gran Guerra.



Armisticio de Compiègne.

Consecuencias da guerra...

TRATADOS DE PAZ

- Tratado de Versalles con Alemaña.
- Tratado de Saint Germain con Austria.
- Tratado de Sévres con Turquía.
- Tratado de Trianon con Hungría.
- Tratado de Neuilly con Bulgaria



OS ALIADOS BUSCAN COMPENSACIÓNS ECONÓMICAS.
DERROTA DOS GRANDES IMPERIOS.
TRIUNFO DO LIBERALISMO.

14 puntos de Wilson

1. Convenios abertos y no diplomacia secreta en el futuro.
2. Absoluta libertad de navegación en la paz y en la guerra fuera de las aguas jurisdiccionales, excepto cuando los mares quedasen cerrados por un acuerdo internacional.
3. Desaparición, tanto como sea posible, de las barreras económicas.
4. Garantías adecuadas para la reducción de los armamentos nacionales.
5. Reajuste, absolutamente imparcial, de las reclamaciones coloniales, de tal manera que los intereses de los pueblos merezcan igual consideración que las aspiraciones de los gobiernos, cuyo fundamento habrá de ser determinado, es decir, el derecho a la autodeterminación de los pueblos.
6. Evacuación de todo el territorio ruso, dándose a Rusia plena oportunidad para su propio desarrollo con la ayuda de las potencias.
7. Plena restauración de Bélgica en su completa y libre soberanía.
8. Liberación de todo el territorio francés y reparación de los perjuicios causados por Prusia en 1871.
9. Reajuste de las fronteras italianas de acuerdo con el principio de la nacionalidad.
10. Oportunidad para un desarrollo autónomo de los pueblos del Imperio Austrohúngaro.
11. Evacuación de Rumanía, Serbia y Montenegro, concesión de un acceso al mar a Serbia y arreglo de las relaciones entre los estados balcánicos de acuerdo con sus sentimientos y el principio de nacionalidad.
12. Seguridad de desarrollo autónomo de las nacionalidades no turcas del Imperio otomano, y el Estrecho de los Dardanelos libres para toda clase de barcos.
13. Declarar a Polonia como un estado independiente, que además tenga acceso al mar.
14. La creación de una asociación general de naciones, a constituir mediante pactos específicos con el propósito de garantizar mutuamente la independencia política y la integridad territorial, tanto de los Estados grandes como de los pequeños.



BÚSQUEDA DA ESTABILIDADE
INTERNACIONAL E EVITAR REVOLUCIÓNS

Tratado de Versalles con sentimento de revancha...



- Francia recuperaba Alsacia e Lorena.
- As posesións coloniais alemás foron repartidas entre os vencedores.
- Establecíase o pagamento de elevadísimas reparacións de guerra que Alemaña debía sufragar anualmente aos vencedores.
- A rexión de Renania, fronteiriza con Francia, quedaba completamente desmilitarizada.
- Alemaña vía como o seu exército quedaba practicamente disolto, limitándose o seu poder militar a un número de soldados e armamento case testemuñal.
- O territorio oriental alemán quedaba dividido e dúas partes, co fin de facilitar unha saída ao mar ao novo estado polaco a través do corredor de Danzig (Gdansk en polaco).



Isto non é unha firma de paz, é un armisticio de trinta anos.

NOVA ORDE MUNDIAL

Europa, semidestruída, arruinada, desgastada, endebedada e esgotada mental e demograficamente, **perdía a súa hexemonía** en favor de potencias emerxentes como Estados Unidos ou Xapón.



CONSECUENCIAS POLÍTICAS

Desaparición das grandes dinastías e desintegración dos antigos imperios derrotados.



Illamento da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (a URSS),



Wilson impulsou a creación da Sociedade de Nacións, con sé en Xenebra (Suíza).



CONSECUENCIAS SOCIAIS

- As cifras do conflito falan por si mesmas: sesenta e cinco millóns de persoas mobilizadas, **dez millóns de mortos**, dous millóns de viúvas, catro millóns de orfos... A iso teríamos que engadir os **millóns de feridos**, mutilados e desaparecidos. Ademais, a poboación europea sufriu moito na recuperación, debido á gran mortalidade e ao descenso da natalidade e a man de obra.
- O **empobrecemento** da poboación provocou tensións sociais.
- As **mulleres**, que conseguiran certos avances de carácter social durante o conflito, experimentaron un **retroceso** ao finalizar a guerra. Ao volver os homes incorporarse ao mundo laboral, desprazáronas de novo ao ámbito doméstico. Non había traballo para todos e as mulleres volveron ser as que quedaron no paro.
- Inicio dos **movementos pacifistas** e reforzo de **movementos sufragistas**.



CONSECUENCIAS ECONÓMICAS

A destrución material en Europa foi brutal en cidades, campos, fábricas, infraestruturas... especialmente en países como Francia, Bélxica e norte de Italia.

A reconstrución ía ser esixente e difícil para as economías debilitadas polo conflito:

- Emitiuse máis moeda e aumentouse a débeda pública, o cal provocou unha **forte inflación** (subida de prezos).
- Tiveron que solicitarse **cuantiosos préstamos**, recorrendo sistematicamente ao **endebedamento**.
- O **gran beneficiado da situación europea foi Estados Unidos**, convertido no máximo proveedor de recursos e produtos industriais e maior prestamista. Estados Unidos viviu neste momento a súa época máis dourada (os felices anos vinte) e converteuse na primeira potencia económica mundial.

PELÍCULAS E SERIES RECOMENDADAS

- *Sin noticias en el frente* (para os amantes do cine bélico, é lenta. Recreación moi boa das durísimas condición dos soldados na fronte).
- *1917*.
- *Caballo de batalla* (combina diferentes elementos vistos en clase: como vivían os soldados, tácticas bélicas, como vivía a poboación que non combatía...un pouco edulcorada para dirixirse a tódolos públicos).
- *Feliz Navidad* (recrea o vivido durante unha tregua no Nadal de 1914).
- Serie *Peackey Blinders* (ambientada en época de entreguerras pero os irmáns Shelby son o prototipo de soldados “trastornados” polo sufrido durante a guerra. Recreación histórica espectacular da Inglaterra de entreguerras e o ascenso dos fascismos que levarán á Segunda Guerra Mundial). Está no meu top ten de series. A temporada 1 é a máis lenta, logo hai máis acción.
- *El maestro del agua* (un tanto sensibleira co contexto da guerra de fondo).

